



A Asociación Parkinson Lugo supón un soporte fundamental para o enfermo e para a súa familia; é un lugar onde compartir con outras persoas, afectadas ou non pola enfermidade, as súas experiencias e unha forma de traballo en grupo fronte á enfermidade.

Os obxectivos da Asociación Parkinson Lugo son:

- Mellorar a calidade de vida dos afectados pola Enfermidade de Parkinson e as súas familias.
- Proporcionar información relacionada coa enfermidade, asesorando en aspectos médicos, psicolóxicos, xurídico-legais...
- Facilitar a conexión entre afectados.
- Concienciar da necesidade dun diagnóstico correcto dende o principio.
- Proporcionar unha atención integral e interdisciplinaria.
- Representar ante a Administración e ante as Institucións os intereses dos enfermos de Parkinson e as súas familia.
- Sensibilizar á sociedade sobre a problemática desta enfermidade.

Dispoñemos das seguintes terapias rehabilitadoras:

- Fisioterapia.
- Logopedia.
- Atención psicolóxica.
- Taller de escritura.
- Estimulación cognitiva.
- Terapia ocupacional.
- Información, orientación e asesoramento.

Contacta con nos, en:

Rúa García Abad 32, 1º D 27004, LUGO

Teléfono: 603488606

parkinsonlugo@hotmail.com